

A Cámara de Comercio informa das posibilidades de investimento nos sectores agroalimentario, pesca, turismo e da construción en Perú

A experiencia galega en tecnoloxía conserveira é un factor atraínte para o mercado peruano

Consultores peruanos e doce empresas de Santiago e comarca participaron hoxe na encontro

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2014 (Vía Láctea Comunicación).- A Cámara de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Santiago de Compostela celebrou hoxe unha xornada sobre “**Oportunidades comerciais e de investimento en Perú**” na que participaron doce empresas de Santiago e da súa comarca e dous consultores expertos de Perú. O obxecto deste encontro empresarial foi informar sobre a situación da área financeira da empresa española en relación con Perú e a experiencia empresarial do mercado peruano.

O presidente da Cámara, **Jesús Asorey**, inaugurou a xornada. Destacou que este encontro está pensado para ampliar o coñecemento das empresas de Santiago sobre a situación económica actual e o estado da economía peruana, profundando nas posibilidades de negocio, nas características do mercado, nos principais sectores de produción do país e nas alternativas de investimento. “Esperamos que este encontro sexa frutífero e sirva para coñecer a fondo o interesante mercado peruano, cheo de novas ilusións e que se posiciona como alternativa á realidade española” –indicou–.

A CEO do Grupo AJ Consultores, **Janet Anchorena**, explicou que Perú é un país en expansión, con multitude de sectores potenciais para o investimento de empresas galegas. Destacan os sectores da construción, TIC, maquinaria industrial e agroalimentaria, cadeas produtivas, pesca, metal, software ou turismo. “Lima ya está saturada de inversión extranxera, por lo que es más aconsejable para las empresas gallegas la entrada en las provincias” –sinalou–.

En concreto, Janet Anchorena indicou que o turismo peruano alcanzou no último ano os catro millóns de visitantes. Con este auxe do sector, a consultora apuntou que os establecementos hoteleiros do país precisan de software para rexistrar e identificar correctamente aos seus clientes, ademais de axudar a crear unha plataforma para as reservas por Internet.

En opinión de Anchorena, o sector pesqueiro peruano ten carencia en tecnoloxía conserveira. Así, as empresas galegas poden ofrecer os seus servizos tecnolóxicos pola súa experiencia na industria conserveira.

En canto ás cuestións legais, a consultora apuntou que a exportación a Perú é doada polo baixo nivel de burocracia. “En el plazo de un mes, un empresario gallego puede constituir su empresa, de la mano de un gerente local, y comenzar su actividad en el mercado peruano” –explicou–.

Ademais, no encontro empresarial participou o responsable de Sinergias Internacionales en BBVA, **Manuel Sánchez Fabres**.

NOTA.- Inclúe fotografía da xornada

SAÚDOS
Prensa Cámara de Comercio de Santiago
981 554 407
www.camaracompostela.com